

# Edición e tradución en Galicia

Edición e actividade editorial  
Mestrado en Edición 2010

[o texto vai apoiado nunha presentación de datos en power point]

É a nosa intención presentar unha panorámica do sector editorial privado galego, ao tempo que intentar sinalar as tendencias, os retos e os problemas que, dende o noso punto de vista, existen na nosa edición.

Na primeira parte da nosa intervención realizaremos un repaso dos datos claves da nosa edición dende 1991 a 2009, en base aos datos oficiais dispoñibles, proporcionados polas [análises sectoriais do libro publicadas polo Ministerio de Cultura](#) empregando os datos da oficina do ISBN.

Despois, faremos unha presentación moi detallada dos máis recentes estudos de comercio interior do libro en España, publicados pola Federación de Gremios de Editores de España, neste caso empregando os datos proporcionados polos membros da Asociación Galega de Editores.

Esta dobre análise nos permitirá comprender tanto unha perspectiva diacrónica, como a situación máis recente do mercado do libro en Galicia, antes do impacto da crise económica e do inicio do tránsito dixital.

## Datos da edición en galego

Repasemos, pois, os datos principais da edición en galego.

Hoxe existe en Galicia (e en lingua galega), acaso por vez primeira na historia, unha industria editorial propia, parte activa e determinante do desenvolvemento do noso sistema literario.

En 1975, editáronse apenas 68 títulos en galego e en 1980, a comezos do proceso autonómico, 187.

Trinta anos depois, en 2005, publicáronse en Galicia 2.770 títulos, dos que 1.826 títulos o foron en galego, unha cantidade nada desprezable, que supón en 2005 o cincuenta e catro por cento de toda a edición realizada no país o fose en galego.

En 2008 publicáronse [en Galicia 3.690 títulos](#); [en galego 2.482 títulos](#), a [máxima cifra da nosa historia](#).

En 2009 editáronse [en Galicia 4.069 títulos](#), a [máxima cifra da nosa historia](#); mentres que [en galego 2.121 títulos](#), o que supuxo un importante decrecemento con respecto ao ano anterior. O que quere dicir que o pasado ano a edición en galego supuxo apenas o 52, 12% do total (a cifra máis baixa das tres últimas décadas). A edición en Galicia medra, mentres diminúe a participación do libro en galego.

Mais non toda a edición en galego foi realizada en Galicia, xa que case un vinte por cento foi publicada por editoriais con sede social fóra do país, especialmente en Madrid e Barcelona.

Este esforzo editorial foi realizado tanto polas editoras privadas como as públicas (Xunta de Galicia, Universidades e concellos), sendo moi desemeellante esta contribución ao longo do período, oscilando, xeralmente a do sector privado entre o 85% e o 70%.

Sobre o peso da edición pública, especialmente da Xunta poderíamos lembrar que a maioría dos seus títulos non entran na canle de comercialización das librarías, ao tempo que no seu cómputo están incluídas as coedicións que realiza coas editoras privadas (escasas).

Os libros editados en galego teñen nun 85% dos casos unha única edición, porcentaxe que oscilou moi pouco nos últimos quince anos, o que supón que son moi escasos os títulos reeditados. Teñamos en conta que no conxunto da edición española está porcentaxe baixa ata o 76%.

O libro galego hoxe presenta unha oferta variada e estensa, formalmente de calidade equiparable á ofrecida en calquera outro mercado europeo; aínda que moi orientada cara ao sistema escolar, xa que, máis da metade da súa produción e das súas vendas, está constituída por libros de texto e obras de literatura infantil e xuvenil (promocionados de forma específica na canle escolar e paraescolar): como demostran as cifras que manexamos de 2007, tanto no número de títulos editados (71,2%%), de exemplares producidos (72,7%), como no que supón na facturación total do sector (60,1%).

Datos que nos poden parecer humildes (mesmo decepcionantes para algúns, moito máis se os comparamos, por exemplo, cos da industria editorial en catalán) mais que, porén, supoñen un auténtico chimpó de xigante para o sector editorial en galego.

Máis se volvemos a nosa mirada cara ao inicio da chamada Transición e do inicio do proceso autonómico, o cambio aínda é máis notable: nos últimos vinte e cinco anos, período no que a edición en galego multiplicou por dez a súa produción, que, a súa vez, supón o 92 do total da nosa edición ao longo da historia. A edición en galego é un fenómeno moderno, vencellado ao período autonómico. Dos case 25.000 títulos editados en galego (incluíndo as súas reedicións), apenas o 7% é anterior a 1979, sendo o 80% publicado nos últimos quince anos.

### **Datos da tradución en galego**

Sobre o contexto deste panorama da nosa edición, pode ser máis doado entender os datos da situación da edición en galego de obras traducidas doutras linguas. Vaíamos, primeiro cos datos.

Dende 1991 a 2005 publicáronse 2.902 títulos traducidos en galego, o que supuxo o 15 % dos editados neste período, e que estimamos equivalentes a uns 2.600 traballos de tradución.

En 2005, último ano do que dispoñemos datos, foron 345 as traducións (a maior cifra da historia da nosa edición), dato que triplica o de 1991, mais que, porén, supón unha porcentaxe inferior a que daquela supoñía fronte a obra orixinal en galego.

Ao longo deste quince anos as traducións nunca chegaron a superar o 20% da obra editada, porcentaxe acadada xa en 1991. Ou noutras palabras, o número de traducións en galego aumentou mais non o fixo ao mesmo ritmo que o resto da edición.

Afortunadamente, dende 2001 invertíuse esta tendencia negativa e o crecemento anual é constante e máis sostido que o do resto dos subsectores, fenómenos que, sen dúbida, se intensificaron dende 2006 grazas á aparición dun novo horizonte para a nosa tradución co revulsivo que supuxo a aparición de Rinoceronte editora.

Esta porcentaxe xa achegada ao 20% (estimo debemos tela xa acadada o pasado ano) debemos comparala coas da tradución en éuscaro, catalán e no conxunto do sector editorial en España, o que nos axudará a valorar máis acadamente a saúde da nosa tradución.

Así en catalán (contabilizando, tamén, a edición feita en catalán de Valencia) no ano 2005, a porcentaxe de traducións foi do 18,6%, case idéntica a nosa, aínda que cuantitativamente nos quintuplica (1.757 títulos traducidos). Caso diferente é o de éuscaro, no que a porcentaxe das súas 474 traducións supuxo un 27,4%, incrementando o 26,8% de 2004 e o 25,7% de 2003. Porcentaxe semellante ao do conxunto da edición española que nos últimos vinte anos ven xirando arredor desta porcentaxe do 25%. Dato que supoñería que de cada catro libros publicados en España, un sería traducido. Utilizando este criterio, a edición en galego tería importantes carencias: no ano 2005 faltaríanos polo menos un cento de traducións.

Mais non podemos quedarnos neses datos xerais e afondar nos proporcionados polas linguas de orixe traducidas e pola tipoloxía temática das obras traducidas. No primeiro caso, convén salientar que o 67% das nosas obras traducidas o son do castelán, lingua que non é opaca en ningún caso para os lectores e lectoras en Galicia, porcentaxe semellante no éuscaro, mais que case duplica a realizada no sector en catalán.

Son outros datos significativos a porcentaxe moi próxima ao 50% das obras traducidas do inglés no conxunto do sector español, que no caso galego, a pesar de acadar o 14,50% é, tamén, para nós a lingua estranxeira máis traducida; e o fenómeno da tradución entre as linguas oficiais españolas, especialmente o catalán da que foron traducidas en 2005 máis de seiscentas obras e do galego cento oitenta.

Con respecto á tipoloxía temática das obras traducidas, tanto en galego como en éuscaro, máis do sesenta por cento das traducións son libros de texto e de literatura infantil, o que é coherente coas características xerais do noso sector, alicerzadas sobre esta edición de carácter paraescolar. Tamén é salientable que a tradución literaria en galego supuxera en 2005 case o 18% (máis de sesenta títulos), sendo superior á do euscaro, aínda que quedando lonxe da do catalán e, sobre todo, do conxunto do sector editorial español, onde supón o 38%.

Chegados a este punto podemos concluír que o estado cuantitativo da tradución en galego é, actualmente, carencial con respecto do conxunto da edición en galego. A pesar do crecemento experimentado nos últimos quince anos, a porcentaxe de obras traducidas non acada os estándares doutros sistemas editoriais próximos, co importante condicionante de pivotar arredor da edición paraescolar, razón que explica que sexa o castelán a lingua máis traducida.

## **Comercio Interior do libro en España**

Presentación do estudo de 2008

## **Comercio Interior do libro en Galicia**

Presentación do estudo de 2007